

CONCELLO DE RIANXO - - PROVINCIA DE A **CORUÑA-**

ACTA Nº 4-2014 **DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO** **MUNICIPAL**

- DIA 29/04/2014-

Marxe que se cita:

Presidente:

ADOLFO F. MUIÑOS SANCHEZ.- (BNG)

Concelleiros/as asistentes:

ADELINA CES QUINTANS (BNG)

XOAN VICENZO CES RODRÍGUEZ (BNG)

HADRIANA ORDOÑEZ OTERO (BNG) INCORPORASE AS 20:05

Mª TERESA SOBRADELO IGLESIA.- (BNG)

JOSE CARLOS GEY HERMO (PSOE)

JOAQUIN DOMINGUEZ SALGADO (PSOE)

Mª OLGA GONZÁLEZ DOURADO (PSOE)

ANA MARIA AGRELO REY (PSOE)

Mª DE LAS NIEVES VICENTE VARELA (PP)

ELISA BOUZAS VICENTE (PP)

JOSE RICARDO BESADA GESTO (PP)

Mª VANESA MARTÍNEZ DURAN (PP)

JOSE LUIS CASTIÑEIRAS LESENDE(PP)

Concelleiros ausentes:

ANA MARIA EITOR VIDAL (PP)

SONIA CASTAÑO EIRAS (PSOE)

CONSTANTINO CASTAÑO CALVO (BNG)

Secretaria:

Carolina Costoya Pardo

Na Casa Consistorial de Rianxo, no día de hoxe ás 20:00 baixo a Presidencia do Sr.Alcalde reúnen os/as señores/as Concelleiros/as que á marxe se indican coa asistencia da Interventora Municipal e da Secretaria da Corporación, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión do Pleno Municipal.

Constatada a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente (cando menos 1/3 do número legal), polo Sr.Presidente declárase aberta a sesión e procédese a trata-los asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

2º.- DACION DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO.

3º.- SORTEO DE MESAS ELECTORALES

4º.- MOCIONS DE URXENCIA

5º.- ROGOS E PREGUNTAS

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Acta Nº 4 Sesión ordinaria do día 29/04/2014

O Presidente pregúntalle aos Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta indicada.

Non habendo observacións ao respecto, polos votos a favor dos 13 concelleiros presentes, dos 17 que legalmente conforman o pleno, queda aprobada a acta citada.

2.- DACION DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDIA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO

2.A) A Presidencia da conta das Resolucións de Alcaldía ditadas dende o día 01/03/2014 ata o 30/03/2014, que comprenden os números 74/2014 ao 147/2014, cuxa relación facilitouse aos voceiros dos grupos municipais.

Non se producen intervencións.

O Pleno da Corporación DÁSE POR ENTERADO.

2.B) A Presidencia da conta das Actas das Xuntas de Goberno Local que se indican a continuación e que se trasladaron aos membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión:

- Acta Nº 5 da Sesión ordinaria do día 11/03/2014
- Acta Nº 6 da Sesión ordinaria do día 25/03/2014

Non se producen intervencións.

O Pleno da Corporación DÁSE POR ENTERADO.-

3.- SORTEO DE MESAS ELECTORALES

Incorpórase a sesión do pleno Hadriana Ordoñez Otero ás 20:10 minutos.

O Alcalde concede a palabra á Secretaria Xeral do Concello, que anuncia que de seguido vaise proceder ao sorteo informático dos membros titulares e suplentes das Mesas Electorais do Concello de Rianxo, que se sortearan 9 suplentes por cada un dos membros de cada mesa que quedaran reflectidos no programa informático enviado pola oficina do Censo Electoral .

Efectuado o sorteo, a Secretaria Xeral procede a dar lectura do resultado que se transcribe:

DISTRITO 1º. SECCIÓN 1ª. MESA A

TITULARES

Presidente	ANGEL VICTOR DOMINGUEZ MOSQUERA	D.N.I.	78784379H	Elector Nº	A0394
1º Vocal	FRANCISCO COMOJO CALVO	D.N.I.	33265516H	Elector Nº	A0338
2º Vocal	Mª JESUS BERNARDEZ PIÑEIRO	D.N.I.	76967926J	Elector Nº	A0152

SUPLENTES:

1º de Presidente	LUCRECIA MARTA FERRARI BACA	D.N.I.	54226823E	Elector Nº	A0459
2º de Presidente	SANTIAGO GERARDO CES RIVEIRO	D.N.I.	53798544A	Elector Nº	A0310
De 1º Vocal	ANA ISABEL CES ABUIN	D.N.I.	76968091V	Elector Nº	A0302
De 1º Vocal	Mª DEL CARMEN GONZALEZ NOYA	D.N.I.	78803242K	Elector Nº	A0666
De 2º Vocal	FRANCISCO JAVIER CES CESPON	D.N.I.	76777078L	Elector Nº	A0304
De 2º Vocal	EVA CASTAÑO TORRADO	D.N.I.	76968257E	Elector Nº	A0261

DISTRITO 1º. SECCIÓN 1ª. MESA B

TITULARES

Presidente	BIBIANA VICENTE ROMERO	D.N.I.	53485891N	Elector Nº	B0777
1º Vocal	FRANCISCA ORDOÑEZ ALCALDE	D.N.I.	76467763P	Elector Nº	B0146
2º Vocal	LORENA OSUNA RODRIGUEZ	D.N.I.	45845811A	Elector Nº	B0202

SUPLENTES:

1º de Presidente	DAVID RODRIGUEZ GONZALEZ	D.N.I.	53487319Z	Elector Nº	B0423
2º de Presidente	Mª DOLORES VICENTE COLLAZO	D.N.I.	76968200B	Elector Nº	B0753
De 1º Vocal	RICARDO RAFAEL VARELA CESPON	D.N.I.	33251142L	Elector Nº	B0707
De 1º Vocal	JOSE FRANCISCO ORDOÑEZ REBOIRAS	D.N.I.	76969170S	Elector Nº	B0184
De 2º Vocal	CARLOS RAMON RODRIGUEZ BARROS	D.N.I.	33293439L	Elector Nº	B0394
De 2º Vocal	EMILIA PORTAS FIGUEIRA	D.N.I.	76969287V	Elector Nº	B0285

DISTRITO 1º. SECCIÓN 2ª. MESA U**TITULARES**

Presidente	JUAN CARLOS RAÑO RESUA	D.N.I.	76967530P	Elector Nº	U0765
1º Vocal	ALICIA FERREIROS PATIÑO	D.N.I.	53485095K	Elector Nº	U0261
2º Vocal	LIDIA MIRANDA PATIÑO	D.N.I.	53486674J	Elector Nº	U0572

SUPLENTES:

1º de Presidente	JOSE MANUEL GIADAS MUJICO	D.N.I.	33269739D	Elector Nº	U0381
2º de Presidente	JESUS JOAQUIN BRAVO ROMERO	D.N.I.	53485974A	Elector Nº	U0092
De 1º Vocal	Mª JESUS PIÑEIRO PATIÑO	D.N.I.	76968392L	Elector Nº	U0735
De 1º Vocal	NATALIA VARELA QUEIRUGA	D.N.I.	52938836N	Elector Nº	U1025
De 2º Vocal	BERTA SOBRADELO LESENDE	D.N.I.	53481457V	Elector Nº	U0959
De 2º Vocal	ADRIAN ORDOÑEZ IGLESIAS	D.N.I.	78801240C	Elector Nº	U0659

DISTRITO 1º. SECCIÓN 3ª. MESA U**TITULARES**

Presidente	SUSANA ESCOBAR PEREZ	D.N.I.	44153498F	Elector Nº	U0231
1º Vocal	Mª ANGELES PIÑEIRO SOBRADELO	D.N.I.	78780428T	Elector Nº	U0723
2º Vocal	Mª DE LA PAZ CASTRO MIRAGAYA	D.N.I.	33835334B	Elector Nº	U0133

SUPLENTES:

1º de Presidente	CONSUELO VICENTE NOYA	D.N.I.	76777145V	Elector Nº	U01076
2º de Presidente	DAVID TRIÑANES REBOIRAS	D.N.I.	53484684R	Elector Nº	U0987
De 1º Vocal	MANUEL ABUIN ROMERO	D.N.I.	33214802L	Elector Nº	U0011
De 1º Vocal	VICTORIANO ALVAREZ MANEIRO	D.N.I.	36118588D	Elector Nº	U0048
De 2º Vocal	BEATRIZ TUBIO OTERO	D.N.I.	52932364A	Elector Nº	U1002
De 2º Vocal	ALFONSO SUAREZ PIÑEIRO	D.N.I.	52937445R	Elector Nº	U0969

DISTRITO 1º. SECCIÓN 4ª. MESA U**TITULARES**

Presidente	SAMUEL PARADA BUSTELO	D.N.I.	35488782N	Elector Nº	U0383
1º Vocal	FRANCISCO RIAL RIAL	D.N.I.	78787210C	Elector Nº	U0414
2º Vocal	JOSE RAMON RODRIGUEZ RIAL	D.N.I.	44835021V	Elector Nº	U0439

SUPLENTES:

1º de Presidente	ANA ISABEL MOARES CASTRO	D.N.I.	52934054Z	Elector Nº	U0351
2º de Presidente	YESSICA Mª COUSIÑO LOPEZ	D.N.I.	35486809V	Elector Nº	U0092
De 1º Vocal	NATIVIDAD PEREZ RIAL	D.N.I.	52934077Z	Elector Nº	U0388
De 1º Vocal	JOSE VAZQUEZ GONZALEZ	D.N.I.	33218358X	Elector Nº	U0518
De 2º Vocal	JOSE Mª FERNANDEZ MARIÑO	D.N.I.	76965182Y	Elector Nº	U0113
De 2º Vocal	CONSTANTINO RODRIGUEZ GOMEZ	D.N.I.	33236529B	Elector Nº	U0429

DISTRITO 1º. SECCIÓN 5ª. MESA U**TITULARES**

Presidente	HEITOR GONZALEZ RODRIGUEZ	D.N.I.	78799868M	Elector Nº	U0371
1º Vocal	SERAFIN SANMARTIN POMBO	D.N.I.	33198162P	Elector Nº	U0679
2º Vocal	JORGE LORENZO SUAREZ	D.N.I.	76968953M	Elector Nº	U0405

SUPLENTES:

1º de Presidente	Mª YOLANDA VIANA CARRILLO	D.N.I.	76966148Y	Elector Nº	U0774
2º de Presidente	DOLORES MUÑOZ ESCUDERO	D.N.I.	52759142V	Elector Nº	U0488
De 1º Vocal	LUIS ANDRES TUBIO BARREIRO	D.N.I.	53485260W	Elector Nº	U0729
De 1º Vocal	RAMONA MARGARITA ALCALDE PEITEADO	D.N.I.	76497193K	Elector Nº	U0043
De 2º Vocal	MIGUEL ANGEL FERREIROS PAZOS	D.N.I.	76779469H	Elector Nº	U0232
De 2º Vocal	Mª BELEN BELTRAN REY	D.N.I.	76776884D	Elector Nº	U0070

DISTRITO 2º. SECCIÓN 1ª. MESA A

TITULARES

Presidente	JOSE Mª MARTINEZ MARTINEZ	D.N.I. 76969839V	Elector Nº	A0283
1º Vocal	CESAREO ROMERO FERNANDEZ	D.N.I. 76778642L	Elector Nº	A0473
2º Vocal	VICENTE EDUARDO GOMEZ VILLANUSTRE	D.N.I. 53482084T	Elector Nº	A0185

SUPLENTES:

1º de Presidente	MANUEL MIGUEL GOMEZ VILLANUSTRE	D.N.I. 33264379P	Elector Nº	A0182
2º de Presidente	NOELIA ORDOÑEZ MEIRA	D.N.I. 53488855D	Elector Nº	A0354
De 1º Vocal	MARIANO MOARES VICENTE	D.N.I. 76488207M	Elector Nº	A0333
De 1º Vocal	FATIMA GONZALEZ RIAL	D.N.I. 53484292T	Elector Nº	A0193
De 2º Vocal	JAIME FIGUEIRA MARIÑO	D.N.I. 33226328E	Elector Nº	A0146
De 2º Vocal	JOSE GABRIEL FIGUEIRA MARIÑO	D.N.I. 33212605F	Elector Nº	A0147

DISTRITO 2º. SECCIÓN 1ª. MESA B

TITULARES

Presidente	SATURNINO ROMERO MARTINEZ	D.N.I. 33263220E	Elector Nº	B0509
1º Vocal	MANUEL ABUIN RODRIGUEZ	D.N.I. 76509454T	Elector Nº	B0011
2º Vocal	FERNANDO RODRÍGUEZ CANDAL	D.N.I. 53483069L	Elector Nº	B0475

SUPLENTES:

1º de Presidente	BRAULIO RODRIGUEZ LORENZO	D.N.I. 76503050J	Elector Nº	B0488
2º de Presidente	Mª ISABEL PICON CALVO	D.N.I. 33232429M	Elector Nº	B0355
De 1º Vocal	SALVADOR RODRIGUEZ VICENTE	D.N.I. 76858442D	Elector Nº	B0501
De 1º Vocal	JOSE MANUEL ROMERO MÍGUENS	D.N.I. 33264514M	Elector Nº	B0510
De 2º Vocal	OTILIA BLANCO OURILLE	D.N.I. 76503030Q	Elector Nº	B0037
De 2º Vocal	ALVARO FERNANDEZ FIGUEIRA	D.N.I. 44818612F	Elector Nº	B0116

DISTRITO 2º. SECCIÓN 2ª. MESA A

TITULARES

Presidente	RAMON VILLANUSTRE ORDOÑEZ	D.N.I. 33286327Z	Elector Nº	A0678
1º Vocal	JOSE LUIS RIOS BLANCO	D.N.I. 44825808G	Elector Nº	A0487
2º Vocal	Mª DEL CARMEN NOVOA RODRIGUEZ	D.N.I. 33281085Q	Elector Nº	A0398

SUPLENTES:

1º de Presidente	ALVARO OTERO GARCÍA	D.N.I. 76967453T	Elector Nº	A0427
2º de Presidente	NOELIA ESPERANTE VIDAL	D.N.I. 53483164E	Elector Nº	A0177
De 1º Vocal	JOSE SOMOZA PEREZ	D.N.I. 33196496K	Elector Nº	A0577
De 1º Vocal	DANIEL GONZALEZ HERNANDEZ	D.N.I. 50082583Z	Elector Nº	A0305
De 2º Vocal	ELENA FIGUEIRA RIAL	D.N.I. 33262724D	Elector Nº	A0226
De 2º Vocal	MARIA CARMEN VIDAL VIDAL	D.N.I. 33199400G	Elector Nº	A0676

DISTRITO 2º. SECCIÓN 2ª. MESA B

TITULARES

Presidente	GUADALUPE SOMOZA VARELA	D.N.I. 52935120E	Elector Nº	B00026
1º Vocal	JOSE MANUEL COLLAZO GEY	D.N.I. 33227842H	Elector Nº	B0115
2º Vocal	MANUEL TUBIO ROMERO	D.N.I. 33149947R	Elector Nº	B0529

SUPLENTES:

1º de Presidente	ALICIA AIDO SUAREZ	D.N.I. 52935120E	Elector Nº	B0026
2º de Presidente	DANIEL LOPEZ PICON	D.N.I. 76933439A	Elector Nº	B0257
De 1º Vocal	ALEJANDRO REY RESUA	D.N.I. 76967259J	Elector Nº	B0407
De 1º Vocal	JOSE SARMIENTO SARMIENTO	D.N.I. 10158109K	Elector Nº	B0482
De 2º Vocal	JOSE RAMON CASTILLO LAIÑO	D.N.I. 35397104N	Elector Nº	B0091
De 2º Vocal	GABRIEL ARCOS VILANOVA	D.N.I. 78808177B	Elector Nº	B0037

DISTRITO 3º. SECCIÓN 1ª. MESA A

TITULARES

Presidente	SANDRA ROMERO ABUIN	D.N.I. 52457279Y	Elector Nº	A0446
1º Vocal	JOSE VICENTE TORRADO MOLEDO	D.N.I. 53796060A	Elector Nº	A0528

2º Vocal	JOSE ANTONIO TUBIO VARELA	D.N.I.	52939170R	Elector Nº	A0537
----------	---------------------------	--------	-----------	------------	-------

SUPLENTES:

1º de Presidente	ISABEL TEMBRA PENEIREIRO	D.N.I.	53484672N	Elector Nº	A0516
2º de Presidente	MARTA ALCALDE COLLAZO	D.N.I.	52935354A	Elector Nº	A0005
De 1º Vocal	PATRICIA VICENTE CREO	D.N.I.	53484179W	Elector Nº	A0552
De 1º Vocal	RITA SABORIDO CASTRO	D.N.I.	33217184D	Elector Nº	A0463
De 2º Vocal	MANUEL ANGEL SOBRAL RIAL	D.N.I.	76777676L	Elector Nº	A0492
De 2º Vocal	MANUELA CES CESPON	D.N.I.	76503191Q	Elector Nº	A0081

DISTRITO 3º. SECCIÓN 1ª. MESA B

TITULARES

Presidente	MARIA JOSE COSTAS GONZALEZ	D.N.I.	53482593A	Elector Nº	B0110
1º Vocal	JOSE MANUEL PIÑEIRO ROMERO	D.N.I.	76965321F	Elector Nº	B0370
2º Vocal	JOSE MANUEL FIGUEIRO CASTRO	D.N.I.	76967607Q	Elector Nº	B0185

SUPLENTES:

1º de Presidente	BEATRIZ PENA GRAÑA	D.N.I.	53480613R	Elector Nº	B0351
2º de Presidente	MARIA TERESA GARCIA ALVAREZ	D.N.I.	33268435Q	Elector Nº	B0211
De 1º Vocal	PABLO RIAL RESUA	D.N.I.	76967529F	Elector Nº	B0394
De 1º Vocal	MARIA CARMEN DIEGUEZ BONET	D.N.I.	35981972J	Elector Nº	B0123
De 2º Vocal	RICARDO COMOJO RODRIGUEZ	D.N.I.	33221778A	Elector Nº	B0106
De 2º Vocal	JORGE OTERO MARTINEZ	D.N.I.	52935419E	Elector Nº	B0334

DISTRITO 3º. SECCIÓN 2ª. MESA A

TITULARES

Presidente	ISABEL PLACES TOURIS	D.N.I.	78808892J	Elector Nº	A0342
1º Vocal	CONSTANTINO JESUS FIGUEIRA PICON	D.N.I.	15882468W	Elector Nº	A0132
2º Vocal	MARIA ROSARIO LORENZO SOMOZA	D.N.I.	33281298E	Elector Nº	A0217

SUPLENTES:

1º de Presidente	MONTSERRAT LORENZO OTERO	D.N.I.	76966575L	Elector Nº	A0212
2º de Presidente	SILVERIO LOPEZ VARELA	D.N.I.	52453985R	Elector Nº	A0194
De 1º Vocal	MARIA IGLESIAS VAZQUEZ	D.N.I.	53487551Q	Elector Nº	A0179
De 1º Vocal	MANUEL JESUS MARIÑO VAZQUEZ	D.N.I.	76467202E	Elector Nº	A0235
De 2º Vocal	ROBERTO RESUA COLLAZO	D.N.I.	52934855X	Elector Nº	A0358
De 2º Vocal	MARIA FUNGUEIRIÑO RESUA	D.N.I.	76497113X	Elector Nº	A0141

DISTRITO 3º. SECCIÓN 2ª. MESA B

TITULARES

Presidente	MARTA VICENTE FIGUEIRA	D.N.I.	76965210B	Elector Nº	B0404
1º Vocal	MANUELA FERNANDEZ CASTRO	D.N.I.	53484843E	Elector Nº	B0091
2º Vocal	JOSE MARIA RIAL RODRIGUEZ	D.N.I.	33186940X	Elector Nº	B0315

SUPLENTES:

1º de Presidente	MARIO MANUEL COSTAS REY	D.N.I.	33214245Z	Elector Nº	B0062
2º de Presidente	MARIA TERESA PIÑEIRO RODRIGUEZ	D.N.I.	76779472K	Elector Nº	B0277
De 1º Vocal	FELIPE CASTRO GONZALEZ	D.N.I.	52939892X	Elector Nº	B0041
De 1º Vocal	JOSE MANUEL RODRIGUEZ SOMOZA	D.N.I.	76509600P	Elector Nº	B0339
De 2º Vocal	MARIA ROCIO FIGUEIRA TORRADO	D.N.I.	33283150B	Elector Nº	B0101
De 2º Vocal	LAURA REBOIRAS BALEIRON	D.N.I.	53483065S	Elector Nº	B0287

Acordase que de haber incidencias, nomearase ao seguinte suplente que saiu no sorteo correspondente a cada mesa, para poder así realizar as suplencias.

4.- MOCIONS DE URXENCIA

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos

incluídos na Orde do Día e antes de pasar a quenda de rogos e preguntas, ábrese o punto de mocións de urxencia.

A Presidencia pregunta se hai mocións dos grupos.

Procédese coas que se consideran a tratar polos diferentes grupos.

8.1. MOCION DO BNG PARA DEMANDAR A REBAIXA DO 21% DE IVE QUE SE APLICA NO SECTOR DE SALÓNS DE PEITEADO.-

A) URXENCIA DA MOCIÓN:

A voceira do BNG, Adelina Ces Quintáns xustifica a urxencia en atención a petición do sector en relación a suba do ive que ten suposto o peche de establecementos e perda de postos de traballo.

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando **Ratificada a urxencia por unanimidade**, cos votos a favor do total de 14 concelleiros presentes (5 dos membros do BNG, 4 dos do PSdeG-PSOE, 5 dos do PP) dos 17 que legalmente constitúen a corporación, polo tanto maioría absoluta.

B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.

<< EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O sector de perruquerías, entre outros, veuse prexudicado pola aplicación do Real decreto lei 20/2012, de 13 de xullo, acordado polo goberno do PP no Estado español, que modificou o seu carácter de sector beneficiado pola aplicación dun IVE reducido, pasando do 8% que se aplicaba até o desorbitado imposto do 21%.

Este sector, de importante actividade económica, xera moitos postos de traballo e posúe un gran dinamismo. Nestes momentos o sector encóntrase lastrado non só polas consecuencias da profunda crise económica senón pola medida antisocial adoptada polo goberno do PP de incrementar o IVE abusivamente, unha medida que as persoas deste ámbito laboral padecen desde hai case dous anos.

O BNG xa presentara no Congreso dos Deputados unha iniciativa o 11 de setembro do ano 2012 para manifestar a súa oposición a aquel incremento brutal do IVE no referido aos salóns de peiteado e agora, neste mes de marzo, volvemos novamente a manifestar a nosa oposición a esta medida e a demandar do goberno do PP no Estado español a rebaixa do IVE. Facémolo tal como demanda o sector e as traballadoras e traballadores que se ven afectadas por este drástico imposto e que están a manifestar nas rúas as súas protestas e a reivindicación de rebaixar o imposto do 21%.

A gravidade do feito está a provocar o peche de moitos establecementos, a perda de postos de traballo e a perda de clientes pola contención do consumo pola forte suba final do prezo nas perruquerías.

As nefastas consecuencias económicas dese aumento porcentual do 13% do IVE nesta actividade xa levaron a persoas afectadas pola medida a manifestaren o seu malestar en varias cidades como A Coruña, Vigo, Lugo ou Ourense, coa entrega de sinaturas nas delegacións da Axencia Tributaria en contra do 21% do IVE.

O sector, desde o primeiro momento, tomou a decisión de asumir o IVE sen repercutilo na clientela, unha decisión que finalmente tivo o efecto perverso de provocar o peche de centos de salóns de peiteado e estética, coa conseguinte eliminación de centos de postos de traballo, que afecta ademais a un sector formado na súa maioría por persoas autónomas.

Este feito provocou tamén o aumento exponencial da economía somerxida e aqueles que aplican o desmesurado IVE do 21% acaban tendo graves problemas económicos, mentres crecen os negocios ilegais de ámbito doméstico. En resumo, hai que cuestionar a pretendida recadación por IVE, xa que por unha banda pechan establecementos e pola outra medra a economía somerxida.

Segundo os datos do sector, o pasado 2013 pecharon 8.000 salóns de perruquería e estética no conxunto do Estado español, e as previsións indican para este ano preto de 6.000 negocios.

Para alén disto, as ameazas que desprende o informe de reforma fiscal do chamado comité de expertos auguran o intento de novas subas do IVE de até o 23%.

Tamén hai que lembrar que o IVE reducido neste sector comezou a aplicarse con carácter inicial experimental e temporal no ano 2000, tras modificar a lei do Imposto sobre o Valor Engadido e, despois de sucesivas prórrogas, rematou por se converter en definitiva no ano 2010.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. Instar á Xunta de Galiza a que demande do goberno do Estado a rebaixa do IVE do 21% que actualmente se aplica ao sector comercial dos salóns de peiteado, debido ás negativas consecuencias xeradas pola aplicación do Real decreto 20/2012, de 13 de xullo, que provocou o peche de miles de establecementos e a perda de miles de postos de traballo.
2. Trasladar este acordo ao presidente da Xunta de Galiza, presidente do goberno do Estado e grupos parlamentares do Parlamento de Galiza.>>

O alcalde ofrece a palabra aos voceiros dos partidos da corporación

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D^a. Vanesa Martínez Durán, dálle a palabra ao concelleiro D. José Ricardo Besada Gesto, que en atención ao contido da moción propón transaccionar a seguinte liña:

<<Instar a ao Goberno do Estado a que dentro do marco da reforma do sistema fiscal e tributario, sexa estudado e valorado o uso intensivo de man de obra no sector das perruquerías, na procura de satisfacer as peticións formuladas por este colectivo.>>

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, José Carlos Gey Hermo, participa na defensa da moción en tanto a devandita suba do IVE afecta a 14.500 empresas e outras relacionadas co sector, que non soamente estase ante unha cifra senón que afecta esencialmente a un colectivo máis sensible como é a do emprego feminino, ademais chámalle a atención que se rebaixa o imposto no tráfico de grandes obras de arte, patrimonio e, en xeral, o goberno do PP mellora as condicións aos que máis poden e incide negativamente en un sector de servizos básicos e de autónomos na súa maioría.

En consecuencia propón unha *enmenda de xeito que se engada de xeito expreso a rebaixa ao ive do 8% anterior*, xa que de non ser así a moción semellaría incompleta.

A voceira do grupo municipal do BNG, D^a. Adelina Ces Quintáns, di que no tocante a proposta do PSOE estaría de acordo xa que de non concretalo podería sufrir de novo este sector a próxima suba do ive ao 23%. Incide nos esforzos do sector que non so han de afrontar a devandita suba do ive -coa redución de clientes que ilo supón- senón que hai que sumarlle o custe das subas en luz. Así acepta a emenda do PSOE, de xeito que no primeiro punto da parte resolutiva figure: “ *Instar á Xunta de Galiza a que demande do goberno do Estado a rebaixa do IVE do 21% que actualmente se aplica ao sector comercial dos salóns do peiteado ao anterior 8%, debido ás negativas consecuencias xeradas pola aplicación*”

O alcalde di que a situación actual esixe unha posición ao respecto.

Rematado o debate, sométese a moción coa emenda formulada polo voceiro do PSdeG-PSOE a VOTACIÓN, sendo **APROBADA** con 9 votos a favor (5 dos membros do BNG e 4 dos do PSdeG-PSOE), e, 4 votos en contra dos membros do PP agás 1 abstención do concelleiro do PP José Luís Castiñeiras Lesende, dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, quedando aprobada co seguinte texto:

1. Instar á Xunta de Galiza a que demande do goberno do Estado a rebaixa do IVE do 21% que actualmente se aplica ao sector comercial dos salóns do peiteado ao anterior 8%, debido ás negativas

consecuencias xeradas pola aplicación do Real Decreto 20/2012, de 13 de xullo, que provocou o peche de miles de establecementos e a perda de miles de postos de traballo.

2. Trasladar este acordo ao presidente da Xunta de Galicia, presidente do Goberno do Estado e grupos parlamentarios do Parlamento de Galiza.

8.2. MOCION DO BNG GRATUIDADE LIBROS DE TEXTO.

A) URXENCIA DA MOCIÓN:

A voceira do BNG, Adelina Ces Quintáns xustifica a urxencia basándose na necesidade de adoptar un acordo fronte ao trastorno e dificultades que crea a entrada en vigor da LOMCE que afecta a gratuidade dos libros de texto.

Sométese a ratificación a urxencia da moción, resultando **Ratificada a urxencia por unanimidade**, cos votos a favor do total de 14 concelleiros presentes (5 dos membros do BNG, 4 dos do PSdeG-PSOE, 5 dos do PP) dos 17 que legalmente constitúen a corporación, polo tanto maioría absoluta.

B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.

<< EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O vindeiro curso 2014/2015, a LOMCE entrará en vigor en 1º, 3º e 5º de Primaria e 1º de Formación Profesional Básica, o que obrigará o estudantado destes niveis a adquirir manuais adaptados aos novos decretos de ensinanzas mínimas. Isto, unido ao recorte do 40% do programa de financiamento de libros de texto e material escolar no ensino obrigatorio respecto ao ano anterior, pode provocar que unha parte do alumnado non poida acceder aos manuais necesarios para seguir as clases con normalidade.

A CONFEDERACION ANPAS GALEGAS defende que non é un problema de prioridades das familias, como afirma o ministro de Educación cando se cuestionan os recortes nas axudas sociais á educación. É un problema de dereitos e, por tanto, é o titular de Educación quen debe ter como prioridade garantir ese dereito.

Como denuncia un recente informe do *defensor del Pueblo*,("o Defensor del Pueblo entende que o carácter gratuíto do ensino nos niveis educativos obrigatorios constitúe un instrumento dirixido a garantir o acceso de todos e todas a estes estudos, e considera por iso que dito carácter gratuíto debería facerse extensivo aos libros de texto ou material didáctico utilizados para cursar os referidos niveis, o que esixe medidas que fagan posíbel o acceso do alumnado aos mesmos sen ningún custo") o curso pasado xa se produciu unha diminución moi significativa de receptores das axudas para a compra de libros de texto, que pasaron de tres a dous millóns de alumnos e alumnas. Así mesmo, houbo unha redución das contías, tanto das achegas do Estado español como na Galiza, cuxa suma pasou de 250 millóns a 166, un 35% menos que o ano anterior. Precisamente iso acontece cando máis urxente era que esas cantidades se incrementasen, dadas as necesidades das familias pola crise económica.

O dereito fundamental á educación esixe que se dean conxuntamente determinadas condicións -boa parte das cales están implícita ou explicitamente fixadas polo texto constitucional-, cuxa garantía de cumprimento corresponde aos poderes públicos. Ademais, para que todo isto sirva á súa finalidade, hai que situar o alumnado nunha posición real de igualdade no acceso e mantemento do seu dereito á educación.

Entendemos que o carácter gratuíto do ensino nos niveis educativos obrigatorios constitúe un instrumento dirixido a garantir o acceso de todos a tales estudos, e considera por iso que o devandito carácter gratuíto debería facerse extensivo aos libros de texto ou material didáctico utilizados para cursar os referidos niveis, o que esixe medidas que fagan posíbel o acceso de alumnos e alumnas a estes sen ningún custo.

Esta opinión foi avalada e compartida polo Consello Escolar do Estado, que no seu informe do curso 1998-1999 di: «A Constitución española é taxativa. A Educación básica é obligatoria e gratuíta. Os libros de texto ou material didáctico que for preciso para impartir a educación básica e, por tanto, para garantir o dereito fundamental á Educación, terá que ser gratuíto».

Polo que solicitamos o pleno desta Corporación Municipal deste Concello que exixa a Xunta de Galiza:

1. A volta ao sistema de préstamo universal.
2. Que se avance na gratuidade total de todos os medios que se utilicen no ensino público.
3. Que se doten os centros de persoal abondo para xestionar axeitadamente o sistema de préstamo.
4. Que non se cambien os libros de texto para o vindeiro curso escolar naqueles cursos en que se vai implantar a LOMCE>>

O alcalde ofrece a palabra aos voceiros dos partidos da corporación

O vicevoceiro do PP D. José Ricardo Besada Gesto, di que se van a abster.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Jose Carlos Gey Hermo, di que un aspecto importante é a incorporación ás novas tecnoloxías, se ben ten claro que a moción se refire aos libros de texto debese habilitar aos centros para dotalos de medios cara a acadar o nivel esixido na actualidade.

O alcalde di que o problema non é o gasto en gratuidade de libros de texto senón que parte deses recursos que se aforran con esta medida acaban indo a centro privados. Con eses cartos podería dispoñerse deses medios tecnolóxicos e así incluso non ter que cargar na costa tantos libros co peso que ilo supón. O certo é que esta redución da gratuidade afectara.

Rematado o debate, sométese a moción recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, sendo **APROBADA** con 9 votos a favor (5 dos membros do BNG e 4 dos do PSdeG-PSOE) 5 abstencións (5 dos membros do PP), con cero votos en contra, dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.-

8.3. MOCION DO BNG EN DEMANDA DE POLÍTICAS ACTIVAS DE EMPREGO.

A) URXENCIA DA MOCIÓN:

A voceira do BNG, Adelina Ces Quintáns xustifica a urxencia pola alto paro rexistrado e a necesidade de adoptar medidas urxentes.

Sométese a ratificación a urxencia da moción, resultando **Ratificada a urxencia por unanimidade**, cos votos a favor do total de 14 concelleiros presentes (5 dos membros do BNG, 4 dos do PSdeG-PSOE, 5 dos do PP) dos 17 que legalmente constitúen a corporación, polo tanto maioría absoluta.

B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.

<< EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Unha das prioridades fundamentais da Administración é asegurar o dereito ao traballo de toda a cidadanía, e unha ferramenta chave nesta actuación son as Políticas Activas de Emprego. Nesta materia a Xunta de Galiza dispón da competencia de executar os fondos que o Estado español adxudica máis non a de distribuílos dentro dos tres paquetes que xa veñen dispostos de Madrid: Formación, Emprego e Contratación e Modernización. Esta é a desculpa posta pola Xunta de Galiza para aplicar unha rebaixa dos fondos adxudicados para os Plans de Cooperación para o Emprego e Contratación até deixalos na ridícula cantidade de 113.000 euros para toda Galiza fronte aos aproximadamente 8 millóns do ano pasado.

As características únicas do noso país fan precisas unhas políticas axeitadas e deseñadas para a nosa realidade territorial, social e económica, polo que sería necesario reclamar competencias que permitan desenvolver actuacións que realmente contribúan á solución do problema do desemprego no noso país.

Ademais os concellos dispoñen de vías como desenvolvementos urbanísticos de solo industrial ou parques tecnolóxicos, desenvolvemento de ordenanzas fiscais favorábeis para a implantación de tecido económico, programación de actuacións de formación e fomento do emprego a través de institucións e empresas públicas locais, constitución de oficinas de desenvolvemento local e actividades de divulgación e visibilidade do seu territorio en eidos económicos, entre outras.

O certo é que a Lei 27/2013, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local establece un marco competencial que, lonxe de ser claro, introduce innumerábeis dúbidas. Así, o proxecto de Lei galega de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor do anterior texto, na actualidade en proceso parlamentario, non parece solucionar, neste tema, as dúbidas xurdidas e mesmo pode chegarse a un escenario de colisión entre os dous textos, aínda que a invasión por parte da Lei estatal das competencias exclusivas de Galiza definidas polo seu Estatuto é flagrante.

Por iso solicitamos do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguintes

ACORDOS

1. Solicitar da Xunta de Galiza que reclame perante o goberno do Estado español competencias exclusivas en materia de Fomento de Emprego e denuncie a intromisión inadmisíbel da Lei 27/2013 nas competencias de Galiza definidas polo seu Estatuto en materia de Administración Local.
2. Solicitar da Xunta de Galiza, a través da Consellaría de Traballo e Benestar, que deseñe e poña en marcha un Plan de Cooperación para o Fomento do Emprego en todos os concellos de Galiza, coa dotacións orzamentaria suficiente, sexa reclamando os fondos ao Estado sexa coa achega de fondos propios da Comunidade Autónoma.
3. Reclamar a iniciativa do Concello para pór en marcha un Plan de Fomento de emprego consensuado, horizontal, deseñado e dirixido ás capacidades e características do noso territorio.>>

A vicevoceira do BNG comunica o cambio na moción do apartado 3º: “o concello participará na posta en marcha do Plan de cooperación en todos os concellos de Galicia”

O alcalde ofrece a palabra aos voceiros dos partidos da corporación

O vicevoceiro do PP D. José Ricardo Besada Gesto, di que se van a abster.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Jose Carlos Gey Hermo, comeza a exposición dicindo que o Ministro Montoro di que hai mellora no emprego cando hai xente que emigra, redución de salarios, maior número de empregos residuais...Dende que está o goberno de Feijó na Xunta de Galicia non hai actuacións en acuicultura cando aí poderían acadarse empregos; no sector eólico se produxo a perda de empresas completas; non hai actuacións para solo industrial, sendo preto de 1000 improdutivas segundo un último estudo. En Rianxo rexistráronse uns 1.172 desempregados. O 49% da poboación en idade de traballar está en paro. En marzo de 2014, houbo en Rianxo 65 contratos, o ano pasado o concello levou a cabo un programa de formación (idiomas, TIC, monitores e tempo libre), sen embargo, este ano trala entrada en vigor da Lei 27/2013 sen a autorización da Deputación ou a Xunta de Galicia que vería acompañada de dotación económica, non se poderá, así que queda a esperanza que esas Administracións Públicas o teñan a ben. Pola súa banda o concello esta a traballar para facilitar locais no polígono cara a que se poda levar a cabo estas iniciativas.

O alcalde quere engadir que é o terceiro ano que o Concello de Rianxo solicita o obradoiro de emprego, xa fai anos que lle correspondía, pero que o goberno da Xunta de Galicia centralizou soamente nuns concellos, a pesares de que Rianxo faría un importante esforzo de aportación ao devandito programa. Resalta a contratación de 30 persoas durante o ano pasado por este concello que permitiu cando menos acceder a un posto de traballo e acadar unha experiencia laboral. Manifesta a súa sorpresa polos traballadores que contrata a Deputación Provincial para levar a cabo o desbroce de camiños, que este ano serán 3 e case nin nos daremos conta que están porque non atenderían ordes do concello. Algunha destas iniciativas, como 500 postos de traballo para beneficiarios da RISCA, di que ata a Unión Europea dáse conta, fronte ao rápido que se amaño a situación bancaria, o que tarda a mellora laboral.

Rematado o debate, sométese a moción recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, sendo **APROBADA** con 9 votos a favor (5 dos membros do BNG e 4 dos do PSdeG-PSOE) 5 abstencións (5 dos membros do PP), con cero votos en contra, dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.-

8.4. MOCION DO PSOE DE REXEITAMENTO Á SUPRESIÓN DE PARTIDOS XUDICIAIS.

A) URXENCIA DA MOCIÓN:

O voceiro do PSOE, José Carlos Gey Hermo xustifica a urxencia pola normativa en tramitación, lembra outras medidas como a suba das taxas xudiciais, e agora o seguinte paso claramente dirixido a afastar a xustiza: suprimindo partidos xudiciais. En Coruña desaparecen 44, no Barbanza afecta a 4 partidos xudiciais (Padrón, Rianxo, Dodro, Rois), polo tanto, a 133.000 habitantes que tramitan 15.000 asuntos e agora terán que desprazarse A Coruña.

Sométese a ratificación a urxencia da moción, resultando **Ratificada a urxencia por unanimidade**, cos votos a favor do total de 14 concelleiros presentes (5 dos membros do BNG, 4 dos do PSdeG-PSOE, 5 dos do PP) dos 17 que legalmente constitúen a corporación, polo tanto maioría absoluta.

B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.

<< EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O Goberno vén de anunciar a supresión dos partidos xudiciais existentes en Galicia, para concentrar aos xuíces nas capitais provinciais e crear un único tribunal de instancia provincial, fronte á proposta do anterior Goberno de que se crearan en cada partido xudicial. En Galicia esa medida suporá a desaparición de 41 partidos xudiciais e na provincia da Coruña 13 dos 14 que téñen hoxe. Trátase dunha fonda alteración do funcionamento da xustiza, da accesibilidade dos cidadáns e dos custos asociados, ademais de privar a moitos concellos dunha importante fonte de ingresos indirectos.

O Goberno popular, no seu propósito de facer unha xustiza para poucos, paralizou os procesos de modernización tecnolóxica, de posta en funcionamento da nova oficina xudicial e de creación de prazas, pretende privatizar o Rexistro Civil e agora propónse tamén a desaparición dos partidos xudiciais e a concentración da actividade xurisdiccional nas capitais de provincia. Mesmo cidades como Ribeira, Santiago ou Ferrol perderían as súas sedes xudiciais.

Así o Goberno de Rajoy, co respaldo da Xunta de Galicia, continúa a labor de afastamento dos cidadáns da xustiza. Primeiro promulgaron unha nova lei de taxas, disuasorias pola súa contía e restritivas para as persoas con menos recurso. Agora a supresión de partidos xudiciais incrementará os custos de desprazamento. Fica esquecida a defensa dos dereitos dos cidadáns, porque desaparece o partido xudicial de Padrón, que comprende os concellos de Rianxo, Dodro, Rois e Padrón.

En consecuencia, o Grupo Municipal dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte moción para o seu debate e aprobación no pleno:

1. Trasladar á Xunta de Galicia e ao Goberno de España o rexeitamento da proposta de supresión de partidos xudiciais.
2. Esixir o mantemento do Partido xudicial de Padrón que comprende os Concello de Rianxo, Dodro, Rois e Padrón.>>

O alcalde ofrece a palabra aos voceiros dos partidos da corporación

O vicevoceiro do PP D. José Ricardo Besada Gesto, di non estar de acordo co proxecto de Lei e esta de acordo en remitir ese malestar ao Estado.

A voceira do BNG, Adelina Ces Quintáns, di que dispón o BNG tamén dunha moción que se pode unir á do PSOE, motivo polo que formula unha EMENDA de xeito que se integraría o punto B do punto 1 e integramente o punto 2 da moción que tiña o BNG.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Jose Carlos Gey Hermo, di que lle parece correcto e acepta a emenda formulada.-

O alcalde di que ser ministro en Madrid e negar este sentir a nivel nacional con medidas como as ultimamente adoptadas, e agora a suprimir da xustiza próxima para ser substituído polos notarios e familia de Rajoi entón non é xustiza.

Rematado o debate, sométese a moción coa enmenda sinalada a **VOTACIÓN**, sendo **APROBADA** con 14 votos a favor (5 dos membros do BNG e 4 dos do PSdeG-PSOE e 5 dos membros do PP), con cero votos en contra, dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, sendo o texto aprobado o seguinte:

1.- Trasladar á Xunta de Galicia e ó Goberno de España o rexeitamento da proposta de supresión de partidos xudiciais.

2.- Esixir o mantemento do Partido Xudicial de Padrón que comprende os Concellos de Rianxo, Dodro, Rois e Padrón.

3.- Dirixirse ao Goberno do Estado a fin de solicitarlle o impulso dunha reforma en profundidade da organización da administración de xustiza, que implique a transferencia a Galiza da competencia exclusiva sobre a delimitación da demarcación e planta xudicial, e permita acometer unha revisión que asegure o mantemento de partidos xudiciais nas cidades e os municipios de maior poboación e aqueles que sexan cabeceiras de comarca.

4.- Dirixirse ao Goberno Galego a fin de reclamarlle:

a.- Que manifieste a súa rotunda oposición á implantación dos tribunais de instancia provinciais, á supresión dos partidos xudiciais nas vilas que son cabeceiras de comarca e que demande do Goberno do Estado español a súa retirada do Anteproxecto de Lei orgánica do poder Xudicial.

b.- Que inicie os trámites para a solicitude consonte o disposto no artigo 20.2. do EAG, das competencias para demarcación e organización xudicial na Galiza.

c.- Que se cree un grupo de traballo para a definición dun modelo adecuado ás particularidades sociais, territoriais e demográficas da Galiza que conte con representación dos grupos parlamentares, dos concellos, das organizacións representativas de todos os operadores xudiciais que sirva como base para a negociación co Goberno do Estado Español e que, cando menos, teña en conta os seguintes criterios: o respecto á tutela xudicial, o acceso universal á xustiza, o achegamento da xustiza á cidadanía, todo iso con base nun modelo xudicial flexible, con criterios de funcionalidade e non orgánicos.

5.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formula ningún rogo nin ningunha pregunta.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 21:18 minutos, de orde da Presidencia, ábrese os ROGOS E PREGUNTAS DO PUBLICO ASISTENTE.

Levántase a sesión ás 21:20 horas, da que se estende a presente acta, do que eu, Secretaria, dou fe.

O Alcalde

A Secretaria

Adolfo F. Muíños Sánchez

Carolina Costoya Pardo